

RESOLUCIÓN REITORAL DE 3 DE NOVIEMBRE DE 2025 POLA QUE SE CONVOCAN POR TRAMITACIÓN ANTICIPADA AS AXUDAS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR PREDOUTORAL EN FORMACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O EXERCICIO 2026.

Os recursos humanos de investigación son o pilar fundamental da actividade investigadora necesaria para a xeración e transmisión de coñecemento de calidade e para impulsar o desenvolvemento ambiental, social, económico e cultural de Galicia. A Universidade de Vigo ten entre os seus obxectivos estratéxicos promover a calidade e a excelencia tanto da súa produción científica como dos seus grupos de investigación.

A presente resolución ten como obxectivo promover a formación e especialización das persoas tituladas que estean matriculadas nun dos programas de doutoramento da Universidade de Vigo e pertencen a un dos seus grupos de investigación, para facilitar a adquisición de habilidades e competencias que permitan o acceso ao Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.

Como novidade, adáptanse a COARA «Coalición para el Avance de la Evaluación de la Investigación» os méritos que se poden presentar para valoración e establécese un procedemento de autoavaliación.

Unha vez vista a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento e en virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 81 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Publicar a convocatoria por tramitación anticipada para a contratación de persoal investigador en formación, das axudas predoutorais da Universidade de Vigo para o exercicio 2026 conforme ás bases reguladoras sinaladas nos anexos desta convocatoria, unha vez aprobadas polo Consello de Goberno na súa sesión realizada o 10 de outubro de 2025.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderanse interpoñer os seguinte recursos:

1. Recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o mesmo órgano que a ditou.
2. Recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación ou dende a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición interposto.

O REITOR

P.D. R.R. 30/05/2024 (DOG de 10 de xuño)

A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación

María Belén Rubio Armesto

ANEXO I- BASES REGULADORAS

ÍNDICE

1. Obxecto da convocatoria.
 2. Características dos contratos.
 3. Financiamento das axudas.
 4. Normativa aplicable.
 5. Requisitos para a presentación de solicitudes.
 6. Órgano instructor.
 7. Formalización das solicitudes e prazo de presentación.
 8. Contido das solicitudes para o alumnado de universidades españolas.
 9. Contido das solicitudes para o alumnado procedente de universidades estranxeiras.
 10. Emenda de solicitudes.
 11. Avaliación e selección de solicitudes.
 12. Concesión das axudas.
 13. Medios de publicidade.
 14. Cambios de centro e ausencias temporais.
 15. Interrupcións das axudas.
 16. Período de orientación posdoutoral.
 17. Extinción do contrato
 18. Dereitos e deberes.
 19. Réxime de incompatibilidades.
 20. Avaliación e seguimento.
 21. Obrigas de difusión.
 22. Reintegro da axuda.
 23. Prazo máximo de resolución.
 24. Réxime de tratamento de datos.
 25. Transparencia
- Anexo II – Valoración de méritos.
- Anexo III- Asignación dos programas de doutoramento da Universidade de Vigo a ámbitos de coñecemento.
- Anexo IV- Formulario de relación de méritos e autoavaliación.

1. *Obxecto da convocatoria.*

A convocatoria de axudas para a contratación de persoal investigador predoutoral en formación da Universidade de Vigo, ten por obxecto financiar a formación de persoas tituladas integradas en grupos de investigación que estean a realizar a tese de doutoramento na Universidade de Vigo e que, en función da súa capacitación e formación, poidan converterse en novo persoal investigador en formación mediante a formalización dun contrato predoutoral en calquera área de coñecemento científico conforme ao artigo 21 da Lei 14/2011, de 1 de xuño da ciencia, a tecnoloxía e a innovación modificado pola Lei 17/2022, de 5 de setembro.

2. *Características dos contratos.*

Convócanse 10 contratos predoutorais de nova adxudicación dunha duración de 3 anos sen posibilidade de prórroga.

O período de desfrute de cada contrato comezará a contar dende a data de inicio do contrato, considerándose causa legal e suficiente para a rescisión del non superar o informe-avaliación ao que necesariamente se someterá a persoa beneficiaria da axuda ao remate tanto do primeiro coma do segundo ano de contrato.

Estas axudas establecen relación contractual temporal e non supoñen ningún compromiso posterior de incorporación á Universidade de Vigo.

Resérvase 1 contrato para solicitantes que posúan unha discapacidade igual ou superior ao 33% sempre que se acredite a compatibilidade co traballo a desenvolver conforme ao obxecto desta convocatoria. De non ser finalmente concedido, acumularase aos contratos da quenda xeral.

A dotación total máxima para cada axuda que inclúe o salario da persoa contratada, os custos sociais e a indemnización correspondente de fin de contrato así como o prezo da matrícula no correspondente programa de doutoramento, é de 82.000,00 €.

Las retribuciones serán las establecidas en el artículo 7 del Real Decreto 103/2019, de 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación conforme ás taboas salariais de contratos para persoal investigador predoutoral publicadas pola Universidade de Vigo.

Nos correspondentes contratos identificarase un proxecto ou liña de investigación específica novidosa que corresponderá coa súa tese de doutoramento.

3. *Financiamento das axudas.*

Os fondos destinados a esta acción irán con cargo á aplicación orzamentaria «00VI 131H 641.02: Axudas propias á investigación e á transferencia» e co importe máximo do crédito orzamentario retido de 820.000,00€ para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

A consignación orzamentaria máxima para cada exercicio económico será a seguinte:

Anualidade 2026: 170.000,00 €

Anualidade 2027: 260.000,00 €

Anualidade 2028: 260.000,00 €

Anualidade 2029: 130.000,00 €

4. *Normativa aplicable.*

O procedemento de concesión das axudas convocadas será o de concorrencia competitiva nos termos previstos no artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas en quen conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

5. *Requisitos para a presentación de solicitudes.*

As persoas solicitantes das axudas previstas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Non ter sido seleccionada, gozar, nin ter gozado destas axudas ou doutras homólogas a estas en anteriores convocatorias ou dunha axuda á etapa predoutoral de calquera modalidade (Formación de Profesorado Universitario (FPU), Formación de doutoras e doutores (FPI), Xunta de Galicia ou equivalentes.
- b) Estar matriculadas nun programa de doutoramento na Universidade de Vigo a tempo completo no momento en que finaliza o prazo de presentación de solicitudes, requisito que será comprobado de oficio pola unidade tramitadora das axudas ou estar en condicións de matricularse no momento de formalización do contrato.
- c) Que a data de finalización dos estudos que deron lugar á obtención do/s título/s que habilitan o acceso ao programa de doutoramento, ou da superación de 60 créditos de posgrao se é o caso, sexa igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2023 salvo as excepcións sinaladas a continuación que poderá ser igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2020:
 - Quen acredite fidedignamente que se dedicou á atención e coidado de menores de 6 anos entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2022.
 - Quen acredite fidedignamente que interrompeu os seus estudos por causa dunha enfermidade grave ou que se dedicaron ao coidado de persoas maiores da familia en primeiro grao de parentesco entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2022.
 - Quen posúa unha discapacidade igual ou superior ao 33% debidamente acreditada mediante certificado de data recente expedido por autoridade competente.

No caso de que unha persoa posúa máis dun título que dea acceso ao programa de doutoramento, para os efectos das datas, considerarase a primeira titulación obtida segundo os criterios indicados neste artigo.

d) Estar adscritas ou comprometer a súa adscrición a un grupo de investigación da Universidade de Vigo formalmente rexistrado na Universidade de Vigo (SUXI). No caso de concesión da axuda, pedirase a acreditación da alta efectiva no grupo, con anterioridade á sinatura do contrato.

e) Non posuír un título de doutora ou doutor.

f) Ter unha nota media do expediente da titulación de grao, licenciatura, diplomatura, enxeñaría, arquitectura ou mestra/e ponderada pola nota media da súa titulación igual ou superior a 1.

Para a ponderación, no caso de estudos realizados en universidades españolas, terase en conta a nota media que, de acordo cos datos da Clasificación Internacional Normalizada da Educación (ISCED), corresponda á súa titulación na universidade na que a cursou. Para os estudos realizados no estranxeiro, a ponderación realizarase tendo en conta as notas medias por códigos ISCED para estudos estranxeiros. Os datos de notas medias por códigos ISCED para estudos realizados en España e no estranxeiro, respectivamente, poden encontrarse nos seguintes enlaces:

[Información sobre notas medias ISCED xeral e notas medias ISCED universidade](#)

[Información sobre notas medias ISCED estudos estranxeiros](#)

g) Non estar incurso nalguna das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro xeral de subvencións.

6. *Órgano instructor.*

As actividades de ordenación e instrución do procedemento de concesión corresponden á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación que estará asistida pola Sección de Recursos Humanos do Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento como unidade de xestión e pola Comisión de Investigación delegada do Consello de Goberno no correspondente á fase de concreción da adxudicación e proposta de resolución provisional.

7. *Formalización das solicitudes e prazo de presentación.*

O prazo de presentación das solicitudes comezará o **4 de novembro e permanecerá aberto ata o 1 de decembro de 2025**.

As solicitudes das persoas interesadas, acompañadas pola documentación prevista, deberán tramitarse a través do módulo de convocatorias do Sistema Unificado de Xestión de Investigación (SUXI) no que se debe estar rexistrada. O acceso ao SUXI realízase a través da secretaría virtual da Universidade de Vigo no seguinte enderezo: <https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/>

Unha vez rematado o procedemento, o documento pdf resultante convenientemente asinado, única e exclusivamente, debe ser presentado a través da sede electrónica da Universidade de Vigo no seguinte enderezo

<https://sede.uvigo.gal/> a través do procedemento «**SRHI-Axudas predoutorais da Universidade de Vigo**» pulsando o botón «Iniciar tramitación».

De xeito excepcional para este procedemento, unicamente as persoas de nacionalidade extracomunitaria, poderán usar medios de acceso á sede electrónica alternativos, para o cal deberán iniciar o procedemento enviando un correo electrónico a estranxeiros@uvigo.gal antes de presentar a súa solicitude e con antelación suficiente ao día de peche do prazo de presentación.

8. Contido das solicitudes para o alumnado de universidades españolas.

As solicitudes dirixiranse ao reitor da Universidade de Vigo, xunto coa seguinte documentación:

- a) Se é o caso, copia simple da certificación académica oficial de máster, na que se indique o dato da titulación de acceso e a data de superación da última materia, salvo para titulacións da Universidade de Vigo que se consultará de oficio.
- b) Copia simple da certificación académica de grao, licenciatura, arquitectura, enxeñaría, diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou equivalente na que figuren as cualificacións obtidas e as súas datas de obtención. Esta certificación académica debe conter a expresión da nota media do expediente calculada, sempre que sexa posible, de acordo co establecido no Real Decreto 1125/2003 e no protocolo de colaboración subscrito entre a consellería e as universidades galegas para a valoración dos expedientes académicos, resolución do 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, salvo para titulacións da Universidade de Vigo que se consultará de oficio.
- c) Se é o caso, documento acreditativo de que se atopa nalgunha das circunstancias excepcionais sinaladas no punto c) da base quinta.

Só se terán en conta os méritos detallados e autoavaliados no «Formulario de relación de méritos e autoavaliación»
- e) De ser o caso, informe, suficientemente motivado e asinado pola dirección da tese de doutoramento, no que se indique cómo se integra a dimensión de xénero no proxecto de tese.
- f) Declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ao fronte da Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha outra débeda con ningunha Administración Pública.

9. Contido das solicitudes para o alumnado procedente de universidades estranxeiras.

As solicitudes dirixiranse ao reitor da Universidade de Vigo, xunto coa seguinte documentación:

- a) Copia simple da certificación académica dos estudos universitarios cursados conducentes ao título presentado onde conste a data de superación da última materia e a escala de notas.
- b) Se é o caso, copia simple da certificación académica oficial de Máster, na que se indique o dato da titulación de acceso onde conste a data de superación da última materia e a escala de notas.
- c) Declaración de equivalencia da nota media de expedientes académicos universitarios realizados en centros estranxeiros, obtida a través do procedemento en liña establecido polo Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades no enderezo web:

Equivalencia notas medias de estudios universitarios realizados en centros extranjeros

- d) Se é o caso, documento acreditativo de que se atopa nalgunha das circunstancias excepcionais sinaladas no punto c) da base quinta.
- e) Documentos acreditativos de 5 méritos obtidos no período 2022-2025 que sometan a avaliación presentados de acordo co Anexo II da convocatoria. Só se poderá presentar un mérito por cada epígrafe dos sinalados no referido anexo. De non cumprir este criterio non se terá en conta ningún mérito nese epígrafe sen posibilidade de algegación. Só se terán en conta os méritos detallados e autoavaliados no «Formulario de relación de méritos e autoavaliación»
- f) De ser o caso, informe, suficientemente motivado e asinado pola dirección da tese de doturoamento, no que se indique cómo se integra a dimensión de xénero no proxecto de tese.
- g) Declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ao fronte da Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha outra débeda con ningunha Administración Pública.

Non serán válidas as certificacións extractadas do expediente académico.

No caso de estudos validados, será requisito indispensable a presentación da copia simple da certificación académica, de idénticas características, para os estudos de orixe.

10. *Emenda de solicitudes.*

Recibidas as solicitudes, e revisados os expedientes conforme ao establecido nas bases desta convocatoria, ditarase resolución provisional de persoas admitidas e excluídas coa súa causa de exclusión se a documentación achegada fose incompleta ou contivese erros subsanables e as persoas solicitantes disporán dun prazo de dez días hábiles para que emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos. De non facelo, entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro.

As alegacións deberán presentarse a través do aplicativo SUXI presentando o resgardo xerado ao finalizar o trámite a través da sede electrónica da Universidade de Vigo no enderezo <https://sede.uvigo.gal/> mediante un procedemento xenérico de alegacións **SXER-ALEGACIONES** pulsando o botón «Iniciar tramitación», que se pode atopar nos procedementos dirixidos á *Cidadanía*.

Durante o período de emenda non se poderán reformular as solicitudes presentadas.

11. *Avaliación e selección de solicitudes.*

A Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno, arbitrará os mecanismos e medios para proceder á avaliación e selección das solicitudes presentadas tomando como base os seguintes criterios:

a) Nota media do expediente académico completo de cada solicitante ponderada pola nota media da titulación de grao, licenciatura, enxeñaría, arquitectura, etc.

Para a ponderación, no caso de estudos realizados en universidades españolas, terase en conta a nota media que, de acordo cos datos da Clasificación Internacional Normalizada da Educación (ISCED), corresponda á súa titulación na universidade na que a cursou. Para os estudos realizados no estranxeiro, a ponderación realizarase tendo en conta as notas medias por ISCED para estudos estranxeiros. Os datos de notas medias por ISCED para estudos realizados en España e no estranxeiro, respectivamente, poden encontrarse nos mesmos enlaces aos que se refire a letra f) da base reguladora cinco.

No caso de titulacións de segundo ciclo, baremaranse os expedientes tomando a nota media ponderada para cada ciclo e calculando a media entre ámbalas dúas.

A nota media do expediente académico completo calcularase de acordo cos seguintes criterios:

- No caso de estudos conducentes ao título universitario oficial de licenciatura, enxeñaría, arquitectura, grao de 300 créditos ou equivalentes en sistemas universitarios estranxeiros non adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior, valoraranse a totalidade dos créditos ou materias superadas.
- No caso de ensinanzas conducentes á obtención do título de grao de ata 240 créditos, diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica e mestre/a, a nota media realizarase tendo en conta estes estudos máis a totalidade dos créditos superados no máster ou equivalente, debendo ter completado polo menos 300 créditos no conxunto dos estudos universitarios de grao ou primeiro ciclo e de máster ou equivalente, de acordo coa seguinte fórmula:

$$(X * C1 + M * C2) / (C1 + C2)$$

Sendo:

X: Nota media obtida no grao ou no primeiro ciclo.

M: Nota media obtida no máster ou equivalente.

C1: Créditos superados no grao ou no primeiro ciclo.

C2: Créditos superados no máster ou equivalente.

b) Valoración dos 5 méritos obtidos no período 2022-2025 que sometan a avaliación presentados de acordo co anexo II da convocatoria e detallados no «Formulario de relación de méritos e autoavaliación».

Só se terán en conta os méritos obtidos na data de finalización de presentación de solicitudes, non sendo posible a actualización posterior deles. Os méritos non acreditados adecuadamente poderán ser obxecto de emenda no período habilitado para isto na resolución de admisión provisional.

A Comisión de Investigación terá en conta a autoavaliación de méritos presentada por cada aspirante, pero revisará necesariamente a das vinte solicitudes mellor posicionadas independentemente de que poida revisar todas as admitidas definitivamente.

En cada un dos apartados, outorgarase un máximo de catro puntos á candidatura coa puntuación máis alta, e o resto das candidaturas obterán unha puntuación proporcional a esta. Logo, as puntuacións dos apartados a) e b) ponderaranse de maneira que o apartado a) supoña o 70% e o apartado b) o 30% da puntuación total.

Así mesmo, en cumprimento do Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo, á puntuación total sumaráselle 1 punto aos proxectos de tese que integren a dimensión de xénero segundo informe emitido pola Unidade de Igualdade. Isto non implica a circunscrición ás investigacións especificamente centradas no xénero, senón que se enfoca dun xeito aberto e non restritivo á inclusión de aspectos relacionados co sexo e o xénero na planificación, metodoloxía e hipóteses empregadas no traballo de investigación.

A Comisión de Investigación agrupará as solicitudes por ámbitos de coñecemento, e seleccionará polo menos unha candidatura por ámbito, tentando equilibrar as distintas titulacións e os respectivos ámbitos de coñecemento. A asignación a ámbitos de coñecemento realizarase tendo en conta o programa de doutoramento no que estean matriculadas as persoas solicitantes, segundo o indicado no anexo III.

12. Concesión das axudas.

A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, á vista da proposta da Comisión de Investigación, ditará resolución provisional motivada de adxudicación e denegación das axudas. As persoas interesadas poderán formular alegacións contra esta resolución concedéndose para isto un prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación da proposta polos medios indicados na base trece.

Unha vez examinadas as alegacións presentadas, a vicerreitora ditará a resolución definitiva de concesión, que expresará a relación de axudas concedidas, denegadas e, no seu caso, a listaxe de agarda.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se

producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

13. Medios de publicidade.

Todas as resolucións referidas a esta convocatoria serán publicadas para os efectos de notificación no taboleiro de anuncios da Universidade de Vigo cuxo enlace é o seguinte:

<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>

Complementariamente, toda a información referida a esta convocatoria será publicada no taboleiro de convocatorias da Universidade de Vigo cuxo enlace é o seguinte:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index>

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado no formulario de solicitude sen que estas teñan a consideración de notificación.

14. Cambios de centro e ausencias temporais.

A persoa que resulte beneficiaria realizará o seu labor no centro de aplicación da axuda, sendo necesario para calquera cambio de centro solicitar autorización previa á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación. Para isto, deberá remitirse cunha antelación mínima dun mes á data prevista para o cambio, ademais da solicitude, un informe favorable de quen dirixa a tese de doutoramento motivando a súa necesidade acompañado da aceptación do centro receptor asinada pola persoa responsable.

No caso de ausencias temporais xustificadas, deberá solicitarse autorización previa á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación. Para isto, deberá remitirse cunha antelación mínima dun mes á data prevista para o comezo da ausencia temporal, ademais da solicitude, un informe favorable de quen dirixa a tese de doutoramento motivando a necesidade da súa realización así como a autorización da Comisión Académica do Programa de Doutoramento.

Os períodos de ausencia temporal en ningún caso poderán superar os seis meses ao longo dos tres anos de duración da axuda predoutoral nin poderán superpoñerse cos últimos catro meses de contrato, agás que se estea desfrutando do período de orientación posdoutoral (POP).

15. Interrupcións das axudas.

As situacións de incapacidade temporal de 1 mes de duración, risco durante o embarazo, período de coidado de bebé lactante, maternidade, paternidade, adopción, garda con fines de adopción e permiso por xestación concedido pola Universidade de Vigo, suspenderá o cómputo da duración do contrato. Cando se produza a suspensión do contrato por algunha destas causas, as persoas interesadas poderán solicitar a interrupción e prórroga do prazo de execución da axuda correspondente ao tempo de suspensión no prazo de 10 días hábiles dende que o motivo de suspensión finalice.

Así mesmo, tamén se suspenderá o cómputo da duración do contrato por decisión da traballadora que se vexa obrigada a abandonar o seu posto de traballo como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero.

16. *Período de orientación posdoutoral.*

As persoas contratadas poderán acceder a un período de orientación posdoutoral (POP), cunha duración máxima de doce meses que nunca superará a data límite de execución da axuda, destinado ao seu perfeccionamento e especialización profesional, cando obteñan o título de doutora ou doutor durante o período de execución da axuda.

17. *Extinción do contrato.*

O contrato predoutoral extinguirase pola chegada a término ou a previa denuncia de calquera das partes así como polas restantes causas previstas no artigo 49 texto refundido da Lei do estatuto dos(as) traballadores(as).

No caso de que se produza algunha renuncia ao contrato, debe comunicarse á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación tan pronto como se produza a causa que a determine. Cando a persoa beneficiaria que viña gozando da axuda cese, e sempre que reste un período de desfrute igual ou superior a 24 meses, será substituída, durante o período restante da axuda e conforme á lista de agarda, pola suplente correspondente que figure matriculada no programa de doutoramento polo que presentou a súa solicitude.

18. *Dereitos e deberes.*

As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas a destinar a axuda á finalidade para a que foi concedida e a cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, de 17 de novembro xeral de subvencións que lles sexan de aplicación.

Quen obteña unha axuda poderá impartir 60 horas por curso académico con finalidades formativas, logo da conformidade de quen lle dirixa a tese de doutoramento e por proposta do departamento implicado, que o aprobará no seu POD. A docencia impartida limitarase a ensinanzas prácticas ou seminarios en simultaneidade.

Así mesmo, corresponderanlle os dereitos e deberes específicos contemplados nos artigos 12 e 13 do Real Decreto 103/2019, de 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación.

19. *Réxime de incompatibilidades.*

O desfrute desta axuda é incompatible con calquera outra axuda de análoga natureza financiada con fondos públicos ou privados españois ou comunitarios así como con carácter xeral, coa percepción de calquera contía que teña natureza salarial ou que supoña contraprestación dineraria.

Se se produce o caso, as persoas beneficiarias deberán comunicar á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos de natureza similar á concedida que lles cheguen tan pronto teñan coñecemento. Este feito poderá supoñer a minoración ou rescisión da actual axuda, segundo a consideración da Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación.

En todo caso, será de aplicación a Lei 53/1984 de 16 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

20. Avaliación e seguimento.

A persoa beneficiaria serán avaliada na súa actividade do seguinte xeito:

Ao mes seguinte de finalizar o primeiro ano de contrato deberán enviar á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación unha memoria de seguimento xunto co informe favorable da comisión académica do programa de doutoramento (CAPD). A mesma documentación deberá ser remitida ao mes seguinte de finalizar o segundo ano de contrato.

Durante o mes seguinte á finalización da duración da axuda ou de producirse a renuncia ou cesamento por calquera causa, deberá remitirse á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación unha memoria final que reflicta os avances producidos na súa actividade investigadora e os resultados obtidos.

Nas memorias de seguimento e na memoria final deberá figurar o visto e prace da/s persoa/s que dirixa/n a tese de doutoramento.

21. Obrigas de difusión.

As persoas que resulten beneficiarias dunha axuda á formación predoutoral, deberán mencionar nas publicacións científicas que se deriven dela, a axuda concedida pola Universidade de Vigo para o que, unha vez publicada, deberán incorporala aos seus méritos no aplicativo do Sistema Unificado de Xestión de Investigación (SUXI).

22. Reintegro da axuda.

Son causas de reintegro destas axudas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alterar ou manipular a información solicitada.
- Incorrer nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, está obrigada a reintegrar á Universidade de Vigo a cantidade indebidamente percibida.

23. Prazo máximo de resolución.

O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento no poderá exceder de seis meses, contados desde a data de remate do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo indicado sen terse publicada a resolución lexítima as persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión das axudas.

24. Réxime de tratamento de datos.

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a convocatoria de axudas para la contratación de persoal investigador en formación da Universidade de Vigo, 2026 e amparados pola Lei 14/2001, de 1 de xuño da ciencia, tecnoloxía e a innovación e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria por tramitación anticipada de axudas para a contratación de persoal investigador predoutoral en formación da Universidade de Vigo para o exercicio 2026. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.gal

Estes datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Poderá exercer os devanditos dereitos mediante solicitude dirixida ao reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir a dita solicitude directamente ao delegado de protección de datos da responsable cuxa identidade e datos de contacto son Miguel Á. Michinel Álvarez, enderezo postal Facultade de Dereito, Campus Universitario As Lagoas-Marcosende, s/n 32004 Ourense, enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

25. Transparencia

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ANEXO II- VALORACIÓN DE MÉRITOS

- Só se poderá presentar un mérito en cada epígrafe. De non cumprir este criterio, non se terá en conta ningún mérito nese epígrafe.
- Soamente serán computables os méritos publicados (en papel ou en formato electrónico con data definitiva de publicación) antes da data fin de presentación de solicitudes da convocatoria correspondente.
- Nos méritos alegados nos que consten máis de tres autorías, a puntuación baixará un 10% por cada autor/a adicional (90% si son 4, 80% si son 5 etc.).

Así mesmo, a orde na listaxe de autorías tamén baixará a puntuación de xeito que á autoría situada en segundo lugar aplicárase un 90% da puntuación final obtida, en terceiro lugar un 80% e así sucesivamente.

- Para a interpretación das dúbidas que puidesen xurdir na baremación de puntuación dos méritos, aplicáranse sempre que sexa posible os criterios establecidos na última convocatoria publicada da avaliación da Produción de Investigación e a Produción de Transferencia da Universidade de Vigo.

A. COMUNICACIÓNS a congresos, simposios e reunións científicas.

Documentación: Deberá presentarse copia da comunicación publicada no libro de actas do congreso, editado en papel ou formato electrónico, onde figure o título e autores/as da comunicación, así como copia da portada onde se indique o nome, tipo de congreso, datas de celebración e composición dos comités científico e/ou organizador. En caso de acreditarse axeitadamente a non publicación de actas do congreso, nin en formato papel nin electrónico, poderá aceptarse a presentación dun certificado acreditativo emitido pola organización do congreso, no que figuren todos os datos anteriores.

Non se considerará como copia a comunicación escrita enviada ao congreso para a súa aceptación.

Considéranse congresos internacionais os que no comité científico e/ou organizador participen polo menos tres países.

Para as comunicacións orais, só no caso de que o/a poñente fose a persoa solicitante da axuda, e sempre que se presente acreditación inequívoca deste feito, sumarase 1 punto no caso de congresos internacionais e 0,50 puntos no caso de congresos nacionais á puntuación obtida.

Non se valorarán neste apartado as reunións derivadas de proxectos de investigación nin os eventos que non teñan un proceso aberto de presentación de comunicacións e selección delas, nin a asistencia a ciclos de conferencias ou mesas redondas.

B. ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN e participación en **CAMPAÑAS CIENTÍFICAS** fóra de Galicia ou da Comunidade Autónoma onde se realizaron os estudos ou, no caso das persoas estranxeiras, fóra do país onde se realizaron os estudos.

Documentación: Certificado da estadia continuada ou campaña expedido polo centro receptor, con indicación expresa de lugar e data de inicio e finalización.

C. OUTROS TÍTULOS OFICIAIS UNIVERSITARIOS

Non son computables os títulos polos que se accede ao programa de doutoramento nin os títulos propios.

D. BOLSAS DE COLABORACIÓN DO MECD

Documentación: Documento no que conste o nome completo de quen gozou da bolsa de colaboración, a denominación da convocatoria, o órgano convocante, as datas de realización e o departamento/grupo de investigación de colaboración.

E. PRODUCCIÓN ARTÍSTICA (con ou sen edición de catálogo)

Documentación: Deberase presentar orixinal ou copia do catálogo ou documentación acreditativa onde se indique o título da produción artística, lugar e data de realizando indicando se se trata dunha exposición individual ou colectiva, número e títulos das obras presentadas por cada solicitante e número total de obras expostas.

Considérase produción artística o comisariado ou exposición de obra en galerías de arte profesionais ou en espazos expositivos de institucións públicas ou privadas con programación regular non afeccionada.

O órgano instructor consultará en cada convocatoria coa Facultade de Belas Artes a listaxe de galerías de arte profesional e os espazos expositivos de institucións públicas ou privadas con programación regular non afeccionada.

Non se considerarán produción artística os traballos fin de grao ou de mestrado.

F. COÑECEMENTO DE LINGUAS

Documentación: Deberase presentar copia da certificación académica na que conste o título obtido ou copia do título que se posúa.

Consideraranse os niveis de competencia acordes ao Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, para linguas distintas ao castelán, galego e resto de linguas cooficiais do Estado español; e segundo a relación publicada pola CRUE e por ACLES nos enlaces seguintes:

[Acreditación CRUE](#)

[Tablas de certificados reconocidos por ACLES JULIO 2024.pdf](#)

Admitiranse así mesmo as certificacións de superación de nivel do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas emitidas polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo, os da Escola Oficial de Idiomas e o recoñecemento das titulacións de Filoloxía e Tradución.

G. PREMIOS E DISTINCIÓNS

Documentación: Deberase presentar copia da certificación na que conste o premio obtido, e o órgano que o concede.

Só se considerarán premios fin de carreira outorgados polo Ministerio de Educación, os premios de fin de carreira para o alumnado que finalizou os estudos universitarios conducentes a un título oficial de grao outorgados pola Xunta de Galicia ou similar de administracións educativas autonómicas e os premios extraordinarios de fin de grao outorgados polas universidades.

H. PUBLICACIÓNS

H.1 REVISTAS Criterios de clasificación:

Documentación: Achegarase copia do artigo. En todo caso deberá constar a data de publicación debidamente impresa, o nome da revista e os autores e autoras.

As publicacións derivadas de congresos, aínda que sexan publicadas nunha revista periódica, non se considerarán neste apartado. Tamén quedan expresamente excluídos os artigos en xornais de divulgación e os documentos de traballo.

Establécense as seguintes categorías, segundo a inclusión da revista nas bases de datos de referencia *:

TIPO A: Revistas que aparezan no *JCR-SCI* ou *JCR-SSCI*, no *SJR* con índice de impacto, no grupo A da Clasificación *CIRC*, no *A&HCI*, no *ERIH* ou no grupo A do *CARHUS*.

TIPO B: Revistas que non se atopen catalogadas como tipo A e que estean incluídas no Grupo B do *CIRC*, no grupo B do *CARHUS*, ou que aparezan en *Scopus*.

TIPO C: Revistas que non se atopen catalogadas como tipo A nin B, e que estean incluídas no Grupo C do *CIRC* ou no grupo C do *CARHUS*.

* *Bases de datos:*

- *JCR-SCI (Journal Citation Reports, Science Edition) e JCR-SSCI (Journal Citation Reports, Social Sciences Edition)*
- *SJR (SCImago Journal Rank)*
- *CIRC (Clasificación Integrada de Revistas Científicas)*
- *ERIH (European Reference Index for the Humanities)*
- *A&HCI (Arts and Humanities Citation Index)*
- *CARHUS (Sistema de avaliación de revistas científicas dos ámbitos das Ciencias Sociais e Humanidades)*
- *SCOPUS*

En todos os casos, utilizaranse as bases de datos do ano mais recente dispoñible e se multiplicará por 1.2 aquelas que estean en acceso aberto.

H.2. MONOGRAFÍAS E LIBROS con ISBN:

A clasificación das editoriais farase en tres categorías CE1, CE2 e CE3 conforme aos criterios específicos da Universidade de Vigo para a produción científica aprobados pola Comisión de Investigación realizada o 4/09/2024.

Documentación: Copia da portada do libro, das páxinas onde figuren a editorial e o ISBN e do índice. Ademais, no caso de autoría de capítulos, copia como mínimo da primeira e da última páxina e da páxina onde figuren os autores e autoras, se non é ningunha delas.

Só se considerarán aquelas obras que teñan ISBN, e nas que a editorial teña utilizado un editor, editora ou comité editorial que supervise o proceso de creación e edición do libro.

A publicación de teses de doutoramento, proxectos fin de grao ou mestrado non se considerará neste apartado. Tampouco se valorarán as actas de congresos, nin no relativo á autoría nin á edición delas.

Non se valorarán as publicacións relacionadas con cursos ou xornadas de formación, nin as publicacións derivadas de calquera tipo de evento.

Non se valorarán os libros que sexan editados polos propios autores, autoras ou por persoas físicas, ou por empresas de reprografía, copisterías, librerías, empresas de artes gráficas ou similares.

A avaliación farase tendo en conta a calidade da editorial segundo o seu prestixio nacional ou internacional, o grao de esixencia e o rigor científico nos procesos de selección dos traballos publicados, o nivel de calidade do panel de editoras e/ou editores, a existencia de consello científico internacional, a práctica acreditada de revisión por pares, etc. A lingua de publicación non será considerada como factor determinante do ámbito no que se encadre unha editorial cara á avaliación.

A Comisión de Investigación establecerá conxuntos de editoriais nos que os méritos reciban puntuación fixa, e que serán publicados na web da Vicerreitoría de Investigación.

H.3 PARTICIPACIÓN EN CATÁLOGOS DE EXPOSICIÓNS Belas Artes:

Documentación: deberá presentarse copia da portada e contraportada, folla onde apareza o ano de publicación, índice do catálogo onde figuren as autorías de textos, deseño ou comisariado da exposición e, se é o caso, copia do artigo.

Considerarase a participación como autor/a de textos, deseñador/a do catálogo e comisario/a da exposición. Non se considerarán neste apartado as autorías das obras expostas.

I. PATENTES

J. IMPLICACIÓNS COA SOCIEDADE

Teranse en conta as seguintes actividades sempre que se desenvolvesen durante alomenos un curso académico:

- Ter participado en órganos de goberno da universidade onde realizou os estudos de grao ou máster.
- Ter exercido funcións de representación de alumnado universitario.
- Ter participado como titoras ou titores en programas de mentorización universitaria.
- Ter colaborado en programas de atención á diversidade universitarios.
- Ter participado na dirección de asociacións universitarias rexistradas debidamente na universidade correspondente.
- Ter participado en programas de voluntariado universitario.

Para acreditar este mérito deberá presentarse un certificado emitido pola universidade correspondente onde conste, alomenos, o nome da actividade, a universidade e o período durante o que se realizou.

K. DIVULGACIÓN

- Participación en programas de captación de alumnado universitario.
- Participación en programas de divulgación científica en universidades.

Para acreditar estes méritos deberá presentarse un certificado emitido pola universidade correspondente onde conste, alomenos, o nome do programa, a universidade e o período durante o que se realizou.

L. OUTROS MÉRITOS VALORABLES

- Realización de prácticas extracurriculares en empresas. Acreditarase mediante un certificado da empresa onde se realizaron e debe acreditarse a súa natureza extracurricular.
- Realización de TFG/TFM en empresas, ONGs ou sector público externo á universidade. Acreditarase mediante un certificado da persoa que titorizou os traballos indicando o nome da empresa.
- Ser deportista de elite que se poderá acreditar mediante calquera documentación que acredite esta circunstancia.
- Experiencia laboral relacionada coa súa formación académica que se acreditará mediante un certificado da/s empresa/s onde se detallan as funcións realizadas.
- Cursos de formación acreditados por organizacións académicas universitarias. Deberán presentarse os diplomas de realización dos cursos e figurar o programa da formación recibida.

BAREMO	Puntuación méritos	
COMUNICACIÓNS a congresos, simposios e reunións científicas		
Internacionais	1	
Nacionais:	0,5	
Si ponente internacional/nacional	1/0,5	
ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN e participación en CAMPAÑAS CIENTÍFICAS fóra de Galicia ou CCAA		
de 16 a 30 días	0,2	
de 31 a 90 días	0,4	
de 91 a 180 días	0,8	
máis de 180 días	1	
OUTROS TÍTULOS OFICIAIS UNIVERSITARIOS		
Licenciatura, grao ou equivalente	0,5	
Diplomatura ou equivalente	0,25	
Máster distinto ao que deu acceso aos estudos de doutoramento.	0,25	
BOLSAS DE COLABORACIÓN DO MECD		
Bolsas de colaboración en departamentos universitarios do Ministerio de Educación.	0,5	
PRODUCCIÓN ARTÍSTICA	Internacional	Nacional
Exposicións individuais e comisariados en espazos expositivos de institucións públicas ou privadas con programación regular non afeccionada.	5	4
Exposicións colectivas e co-comisariados en espazos expositivos de institucións públicas ou privadas con programación regular non afeccionada.	4	3
Exposicións individuais e comisariados en galerías de arte profesionais.	3	2
Exposicións colectivas e co-comisariados en galerías de arte profesionais.	1	0,5
COÑECEMENTO DE LINGUAS		
Nivel C2	2	
Nivel C1	1,5	
Nivel B2	0,5	
PREMIOS E DISTINCIÓNS		
Ámbito estatal (Premios nacionais fin de carreira de educación universitaria)	1	
Ámbito autonómico (Premios fin de carreira da Comunidade Autónoma para o alumnado universitario)	0,75	
Ámbito autonómico (Premios de excelencia académica de grao)	0,25	
Premios TFG/TFM concedidos por universidade	0,1	

Premios TFG/TFM con perspectiva de xénero	0,2
Premios STEM de universidade para grao e máster	0,2
Premios extraordinarios fin de carreira de universidade	0,2
PUBLICACIÓNS	
I.1. Revistas	
TIPO A Q1	5
TIPO A Q2	4
TIPO A Q3	3
TIPO A Q4	1
TIPO B	0,75
TIPO C	0,5
I.2. Monografías e libros con ISBN / capítulos de libro	
Categoría CE 1	5/2,5
Categoría CE 2	4/2
Categoría CE 3	2/1
I.3. Participación en catálogos de exposicións Belas Artes	
en espazos expositivos de institucións públicas ou privadas con programación regular non afeccionada.	2
en galerías de arte profesionais.	1
PATENTES	
Patentes con extensión europea en polo menos 3 países	5
Patentes rexistradas en España en explotación	4
Patentes rexistradas	2
Prototipo rexistrado como modelo de utilidade	1
IMPLICACIÓNS COA SOCIEDADE	
Participación en órganos de goberno da universidade onde realizou os estudos de grao ou máster	0,1/curso académico ata un máximo de 0,5 puntos
Representación de alumnado universitario.	0,1/curso académico ata un máximo de 0,5 puntos
Titorización en programas de mentorización universitaria	0,1/ curso académico ata un máximo de 0,5 puntos
Programas de atención á diversidade universitarios.	0,1/curso académico ata un máximo de 0,5 puntos
Dirección de asociacións universitarias rexistradas debidamente	0,1/ curso académico ata un máximo de 0,5 puntos
Programas de voluntariado universitario.	0,1/curso académico ata un máximo de 0,5 puntos
DIVULGACIÓN	

Edificio Filomena Dato
Campus universitario
36310 Vigo
España

Tel. 986 813597

vicinv@uvigo.gal

Programas de captación de alumnado universitario	0,1/participación ata un máximo de 0,5
Programas de divulgación científica en universidades	0,1/participación ata un máximo de 0,5
OUTROS	
Prácticas en empresa extracurriculares	0,2
TFG/TFM en empresa	0,2
Deportista de elite	0,2
Experiencia laboral relacionada coa súa formación académica	0,2/ano ata un máximo de 0,5 puntos
Cursos de formación acreditados por organizacións académicas universitarias	0,1/10 horas ata un máximo de 0,5 puntos

ANEXO III SEN REVISAR

Asignación dos programas de doutoramento da Universidade de Vigo a ámbitos de coñecemento

Programa de doutoramento	Ámbito de coñecemento
Física aplicada	Científico
Biotecnoloxía avanzada	Científico
Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria	Científico
Ciencia e tecnoloxía de coloides e interfaces	Científico (en extinción)
Ciencia e tecnoloxía química	Científico
Ecosistemas terrestres, uso sustentable e implicacións ambientais	Científico
Estatística e investigación operativa	Científico
Matemáticas e aplicacións	Científico
Metodoloxía e aplicacións en ciencias da vida	Científico
Nanociencia e biomedicina	Científico
Química teórica e modelización computacional	Científico
Endocrinoloxía	Ciencias da saúde
Neurociencia e psicoloxía clínica	Ciencias da saúde
Estudios literarios	Artes e Humanidades
Creación e investigación en arte contemporáneo	Artes e Humanidades
Estudios ingleses avanzados: lingüística, literatura e cultura	Artes e Humanidades
Estudios lingüísticos	Artes e Humanidades
Tradución e paratradución	Artes e Humanidades
Auga, sustentabilidade e desenvolvemento	Outros **
Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión	Outros **
Comunicación	Outros **
Creatividade, innovación social e sostible	Outros **
Protección do patrimonio cultural	Outros **
Eficiencia enerxética e sustentabilidade en enxeñaría e arquitectura	Tecnolóxico
Enxeñaría química	Tecnolóxico
Investigación en tecnoloxías e procesos avanzados na industria	Tecnolóxico
Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas	Tecnolóxico
Sistemas de <i>software</i> intelixentes e adaptables	Tecnolóxico
Tecnoloxía aeroespacial. Enxeñarías: electromagnética, electrónica, informática e mecánica	Tecnolóxico
Tecnoloxías da información e as comunicacións	Tecnolóxico
Xeotecnoloxías aplicadas á construción, enerxía e industria	Tecnolóxico
Láser, fotónica e visión	Tecnolóxico
Análise económica e estratexia empresarial	Xurídico-Social
Ciencias da educación e do comportamento	Xurídico-Social
Ciencias do deporte, educación física e actividade física saudable	Xurídico-Social
Ciencias sociais e envellecemento	Xurídico-Social
Educación, deporte e saúde	Xurídico-Social
Equidade e innovación en educación	Xurídico-Social
Ordenación xurídica do mercado	Xurídico-Social
Turismo	Xurídico-Social
Xestión e resolución de conflitos. Menores, familia e xustiza terapéutica	Xurídico-Social
Investigación Sanitaria	Ciencias da saúde

* Para os efectos desta convocatoria, os programas do ámbito de Ciencias da Saúde considéranse dentro do ámbito Científico.

** Outros: estes programas poden incluír a realización de teses de doutoramento en varios ámbitos de coñecemento, polo que a asignación do ámbito será realizada en cada caso específico pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento.

ANEXO IV- FORMULARIO DE DECLARACIÓN DE MÉRITOS E AUTOAVALIACIÓN**Formulario adaptado a COARA**

Deben cubrirse exclusivamente os espazos sombreados en amarelo. Os sombreados en gris resérvanse para a Comisión de Investigación.

O número máximo de méritos é de cinco.

Só se poderá presentar un mérito en cada epígrafe (A,B, C...) De non cumprir este criterio, non se terá en conta ningún mérito nese epígrafe.

Nome e apelidos:	Nome e apelidos
Programa de doutoramento:	
Ámbito de coñecemento:	

Narrativa:	Explica brevemente o teu CV (máximo 300 palabras)
------------	---

RELACIÓN DE MÉRITOS

		A encher pola CI
MÉRITO Nº 1	Nome, título ou breve descrición	
EPÍGRAFE DO ANEXO II ONDE SE ATOPA O MÉRITO		
Nome do epígrafe		
Autopuntuación (<i>puntuación que a/o candidata/o se outorga conforme ao baremo do Anexo II</i>)		Puntos

A encher pola CI

MÉRITO Nº 2	Nome, título ou breve descrición	
EPÍGRAFE DO ANEXO II ONDE SE ATOPA O MÉRITO		
Nome do epígrafe		
Autopuntuación (<i>puntuación que a/o candidata/o se outorga conforme ao baremo do Anexo II</i>)	Puntos	

		A encher pola CI
MÉRITO Nº 3	Nome, título ou breve descrición	
EPÍGRAFE DO ANEXO II ONDE SE ATOPA O MÉRITO		
Nome do epígrafe		
Autopuntuación (<i>puntuación que a/o candidata/o se outorga conforme ao baremo do Anexo II</i>)	Puntos	

		A encher pola CI
MÉRITO Nº 4	Nome, título ou breve descrición	
EPÍGRAFE DO ANEXO II ONDE SE ATOPA O MÉRITO		
Nome do epígrafe		
Autopuntuación (<i>puntuación que a/o candidata/o se outorga conforme ao baremo do Anexo II</i>)	Puntos	

		A encher pola CI
MÉRITO Nº 5	Nome, título ou breve descrición	
EPÍGRAFE DO ANEXO II ONDE SE ATOPA O MÉRITO		
Nome do epígrafe		
Autopuntuación (<i>puntuación que a/o candidata/o se outorga conforme ao baremo do Anexo II</i>)	Puntos	